



## INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO RELATIVO Á MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA NO POLÍGONO INDUSTRIAL ÁREA 33

Promotor: Concello de Silleda  
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Urbanismo  
Expediente: 2025AAE2969

### ANTECEDENTES

- 1 O Polígono industrial Área 33 foi desenvolvido por un plan parcial aprobado definitivamente o 22.10.1981, que foi modificado en tres ocasións, nos anos 2002, 2007 e 2012, co obxecto de flexibilizar normas de uso e regularizar superficies.
- 2 O 2.1.2023 aprobouse o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do concello de Silleda, tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. O PXOM recolle o ámbito do citado polígono industrial dentro do solo urbano e as súas determinacións de aplicación.
- 3 O 7.2.2025 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Silleda no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual núm. 1 do PXOM no Polígono industrial Área 33 (en diante, MP1 ou modificación). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
- 4 O 10.2.2025 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
- 3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da



Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental deberá consultar ao órgano competente en materia de urbanismo, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 60.4 da LSG), que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

### 1. Obxecto e ámbito de actuación da modificación

O obxecto da MP1 é corrixir as discrepancias gráficas xurdidas entre o planeamento e a urbanización da fase B do Polígono industrial Área 33, no municipio de Silleda.

Actualmente na parcela 1 da mazá 12 situada ao sur do polígono atópase a planta de transferencia da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) e ocupa, por necesidades do proxecto, parte da parcela limítrofe cualificada como dotación de espazo libre e zona verde (30-DE-P1) e parte de solo rústico contiguo polo sur. Como consecuencia, resulta necesario revisar as aliñacións destas parcelas para axustalas á realidade e compensar noutro ámbito a superficie de zona verde ocupada, reordenando unha superficie de 3.972 m<sup>2</sup>.





## 2. Proposta do plan

Análise de alternativas: No documento ambiental estratéxico contemplouse a alternativa cero ou non actuación, e a alternativa 1 que consiste na proposta achegada.

Resumo da proposta: Ampliáase a superficie de ordenanza 5 industrial para recoller a ocupación actual da planta de transferencia reducindo a superficie da zona verde 30-DE-P1; clasifícase como solo urbano consolidado unha franxa lindeira cara o sur de solo rústico de especial protección forestal, por tratarse de terreos situados no interior do peche da parcela industrial; e regularízase a aliñación entre a parcela e o viario actual, incluíndo na ordenanza 5 industrial os terreos axardinados situados no interior do peche da parcela.

Para compensar a perda da superficie dotacional 30-DE-P1, propónse a creación dun novo espazo libre de zona verde no límite oeste do polígono de 2.158 m<sup>2</sup> (SL-EL-XAR-01-Ex) ocupando parte dunha parcela de titularidade municipal que o PXOM clasifica como solo urbano consolidado e solo rústico de especial protección forestal, e que a MP1 propón clasificar integramente como solo urbano consolidado.

## 3. Características ambientais da área probablemente afectada

O Polígono industrial Área 33 sitúase ao leste do núcleo urbano de Silleda nas marxes da estrada N-525, estando ocupado por diferentes actividades de uso industrial e terciario.

A parcela que alberga a planta de transferencia atópase ao sur do polígono e illada do resto das parcelas de uso industrial-terciario por un viario. Linda polo leste cunha zona arborada incluída na zona verde 30-DE-P1 e con solo rústico de especial protección forestal polo sur.

A futura parcela cualificada coma espazo libre e zona verde sitúase no límite oeste do polígono industrial paralela a un viario. Trátase dunha zona empregada como depósito de materiais que conta cunha fieira de tuías no seu interior e no límite leste, e contigua a unha zona arborada con especies autóctonas.

No consta ningún elemento do patrimonio cultural catalogado no ámbito da MP1. Polo bordo sueste do polígono discorre a Vía da Prata do Camiño de Santiago, atopándose unha pequena parte da zona verde 30-DE-P1 dentro do territorio histórico delimitado no PXOM.

O principal acceso ao polígono é a estrada N-525, que conecta cos viarios internos que definen o parcelario. Este tramo da N-525 soporta importantes niveis de tráfico e conta con mapas estratéxicos de ruído aprobados, se ben, o ámbito obxecto da



MP1 quedaría fóra da zona afectada pola contaminación acústica xerada por esta infraestrutura viaria.

#### 4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

<i>Administracións públicas afectadas</i>	<i>Resposta</i>
Dirección Xeral de Urbanismo	x
Instituto de Estudos do Territorio	x

Asemade, o borrador da MP1 e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración da modificación a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal **se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas**. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do planeamento.

##### Dirección Xeral de Urbanismo

Sinala que o interese público da MP1 xustifícase na necesidade de reaxustar as determinacións do PXOM á realidade existente.

Recolle diversos erros e incongruencias detectadas e aspectos a completar dos documentos e da planimetría da MP1. Entre outras cuestións, indica que deberá xustificarse que a nova zona verde prevista cumpre as determinacións establecidas no artigo 70 do RLSG, e recoller os criterios para o seu deseño e execución (art. 115 do RLSG). Como o ámbito afecta a solo rústico especialmente protexido será preciso obter o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente (artigo 34.2 da LSG e 49.5 do RLSG). Lembra que a MP1 debe adaptarse ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

##### Instituto de Estudos do Territorio

Sinala que a memoria xustificativa inclúe o estudo de paisaxe previsto no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (RLPPG), que contén unha caracterización da paisaxe con referencias ao Catálogo das paisaxes de Galicia, describe as unidades e os compoñentes da paisaxe, analiza os valores paisaxísticos e cita a visibilidade estratéxica do ámbito a extraída do visor do catálogo das paisaxes. Non se recollen medidas preventivas e correctoras para atenuar os impactos sobre a paisaxe dado que non se identifican efectos negativos na actuación.



A modificación puntual non supón unha alteración substancial do ámbito, pois a parcela de SOGAMA xa ten un carácter industrial e atópase edificada. En todo caso redundará nunha mellora na paisaxe urbana pois créase unha nova zona verde/dotacional no límite oeste do polígono industrial, a carón do solo rústico, nunha zona actualmente adicada a depósito de materiais.

Conclúe que a MP1 non terá efectos significativos sobre a paisaxe, e en todo caso estes efectos serán positivos para a paisaxe urbana sempre e cando se teñan en conta as consideracións sinaladas para favorecer un adecuado deseño da nova dotación de espazo libre e zona verde: eliminar a actual barreira de tuias optando por especies autóctonas nunha zona que se abre cara o solo rústico, co fin de respectar as epígrafes 2 e 4 directriz de paisaxe DX.10.b), e ter en conta os criterios da *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos* (dispoñibles na páxina web desta consellería).

## **5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013**

Coa MP1 do PXOM proposta preténdese adecuar a ordenación dunha zona industrial consolidada á realidade construída e compensar a ocupación dunha parcela destinada a zona verde a través da delimitación dun novo espazo libre.

A MP1 non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar usos autorizados no ámbito de actuación. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

A proposta afecta a unha superficie de reducida extensión (0,39 ha) de terreos incluídos nun polígono industrial e limítrofes, que se atopan xa alterados (ocupados en gran parte por unha actividade industrial), polo que non se agardan efectos significativos en canto á ocupación do solo.

Non se detectan efectos significativos na paisaxe na medida en que a MP1 non supón unha alteración substancial do usos actuais e, en todo caso, redundará nunha mellora na paisaxe urbana ao crear unha nova zona verde no límite oeste do polígono industrial, a carón do solo rústico, nunha zona actualmente adicada a depósito de materiais. En todo caso, cómpre adoptar algunhas medidas na MP1 para mellorar a integración paisaxística da nova zona verde proposta.

Tendo en conta que o ámbito afectado carece de elementos de interese natural ou cultural, non se agardan efectos negativos no patrimonio natural nin no patrimonio cultural. Tampouco se prevén efectos negativos no ciclo hídrico, nin na mobilidade derivados do desenvolvemento da MP1.



De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevé que a Modificación puntual núm. 1 do Plan xeral de ordenación municipal de Silleda no Polígono industrial Área 33 teña efectos ambientais adversos significativos pero deberán atenderse ás seguintes condicións:

- 1) Para favorecer a integración paisaxística e ambiental da nova zona verde proposta, nas condicións para o seu desenvolvemento incluíranse como medidas a adoptar:
  - Eliminar a actual barreira de tuias, optando por especies autóctonas co fin de respectar as epígrafes 2 e 4 directriz de paisaxe DX.10.b) das Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro)
  - Considerar os criterios da *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos* (dispoñibles na páxina web desta consellería).
  - Evitar a introdución e a posible propagación de especies exóticas e invasoras mediante o control das actuacións asociadas á eliminación da vexetación e aos posibles movementos de terras a realizar na zona.
- 2) A MP1 deberá incluír de forma explícita a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao Concello, xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas**, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba a modificación no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.



Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María José Echevarría Moreno.

Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Emitida: 01/04/2025 12:36:06

CVE: XGREX-c8783786-cc44-3527-973d-450ad09ed9f5